

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

Día: 18.01.2022      Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de xaneiro de 2022, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 26788 (11/POC-004525)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis  
Sobre as dificultades que está a encontrar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

**Punto 2. Propositions non de lei**

- 2.1 14483 (11/PNC-001477)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e a execución dun plan multianual para recuperar a produtividade dos bancos marisqueiros da ría de Arousa  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 130, do 28.04.2021*
- 2.2 17079 (11/PNC-001736)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio  
Sobre o rexeitamento da Xunta de Galicia da proposta da Organización Mundial do Comercio respecto da eliminación das subvencións do combustible á pesca  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 155, do 16.06.2021*
- 2.3 23397 (11/PNC-002201)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto do prezo da enerxía eléctrica nas empresas da industria do mar  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 213, do 15.10.2021*



- 2.4      25548 (11/PNC-002398)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pérez Fernández, Rosana e 3 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a recuperación da produción marisqueira da ría de Arousa  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 239, do 10.12.2021*
- 2.5      25557 (11/PNC-002399)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a retirada das estruturas das gaiolas de cría de salmón que permanecen na ría de Muros e Noia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 239, do 10.12.2021*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

José Manuel Balseiro Orol

Presidente da Comisión

José  
Manuel  
Balseiro  
Orol

Firmado digitalmente por  
José Manuel Balseiro Orol  
Nombre de reconocimiento  
(DN): cn=José Manuel  
Balseiro Orol ,  
email=jose.manuel.balseiro.  
orol@parlamentodegalicia.e  
s  
Fecha: 2022.01.11 12:05:34  
+01'00'



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 11/01/2022 12:05:34



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
**Data asento: 11/01/2022 12:43:26**  
**Nº Rexistro: 7032**  
Data envío: 11/01/2022 12:43:26.802

CSV: REXISTRO-IGSIXSM-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

José Manuel Balseiro Orol

P

Vicepresidenta

Ana Belén García Vidal

P

Secretario

Julio Torrado Quintela

S

## **Vogais**

Daniel Castro García

BNG

Teresa Egerique Mosquera

P

María Begoña Freire Vázquez

P

María do Carme González Iglesias

BNG

Patricia Otero Rodríguez

S

Rosana Pérez Fernández

BNG

Manuel Santos Costa

P

María Elena Suárez Sarmiento

P

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 18.01.2022

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 18.01.2022**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 26788(11/POC-004525)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as dificultades que está a encontrar Galicia na  
execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

### Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) é o instrumento financeiro da UE que apoia a pesca e políticas marítimas para o período 2014-2020. O marco legal establécese no Regulamento (UE) 508/2014 e o Regulamento de disposicións comúns para os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (UE) 1303/2013.

O fondo combina modos de xestión directa e compartida. No modo de xestión compartida, os Estados membros e a Comisión Europea administran conxuntamente o 89% da contribución da Unión para garantir a coherencia entre os obxectivos da UE, as prioridades e as necesidades das políticas dos Estados membros.

O que o FEMP pretende lograr está integrado nunha xerarquía de obxectivos establecidos nun nivel superior pola Estratexia Europa 2020, os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos, as políticas da Política Pesqueira Común e a Política Mariña Integrada.

A inclusión do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) no marco político para os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos cambiaron as regras do xogo e agregou capas adicionais de complexidade ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Así, a complexidade normativa, a carga administrativa e os novos requisitos e procedementos aos que tanto as autoridades de xestión como os posibles beneficiarios do sector do mar tiveron que adaptarse, contribúen ao grao de execución do FEMP.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que dificultades está a atopar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e que ten feito o Goberno galego para solventar este problema?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/12/2021 12:49:35**  
**Nº Rexistro: 26788**  
Data envío: 29/12/2021 12:49:35.284

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:33:27**

**José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:33:40**

**Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:33:52**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:34:01**

**Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:34:12**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pg@parlamentodegalicia.gal](http://gp-pg.parlamentodegalicia.gal)



CSV REXISTRO-Núm.Útil TL-9  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/12/2021 12:49:35**  
**Nº Rexistro: 26788**  
Data envío: 29/12/2021 12:49:35.284

**María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:34:23**

**Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:34:37**



CSV REXISTRO-NmUaxL-TL-9

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 18.01.2022**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.      Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 18.01.2022**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 14483(11/PNC-001477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e a execución dun plan multianual para recuperar a produtividade dos bancos marisqueiros da ría de Arousa

*Publicación da iniciativa, 130, 28.04.2021*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2021 18:13:08  
**Nº Rexistro: 14483**  
Data envío: 19/04/2021 18:13:08,578

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

Como varias veces nos últimos anos, a campaña de libre marisqueo nas zonas destinadas a este fin da ría de Arousa, a de maior produción marisqueira, tivo un resultado moi negativo en volume de recollida.

O aproveitamento das diferentes zonas foi desigual, con notorio descenso dos Lombos do Ulla, inmersos ademais nun problema de desatención por parte da Consellería que nega unha realidade evidente de perda de bivalvos pola non actuación en termos de dragaxe e control.

A zona de Cabío resultou tamén un fracaso, que provocou que moitos/as traballadores apenas seguisen a súa labor neste lugar despois dos primeiros intentos.

O Bohído puido resistir algo máis, pero a baixísima produción das outras zonas fíxolle sufrir unha explotación excesiva que tampouco é produtiva para todo o volume de persoas traballadoras no sector e que pon en perigo a súa capacidade de rexeneración para novas campañas.

Esta situación vén sendo demasiado habitual nos últimos anos, sen que a Consellería do Mar faga nada máis que buscar culpables externos á súa xestión mentres avoga por desatender as súas funcións de coidado da ría, saneamento e dragados necesarios para minorar os problemas derivados das riadas.

De seguir así a situación varios colectivos e patróns maiores apuntan que as vindeiras temporadas terán un éxito igual de malo ou peor, e demandan afrontar a situación con decisión.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2021 18:13:08**  
**Nº Rexistro: 14483**  
Data envío: 19/04/2021 18:13:08.578

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a frear a desatención aos bancos marisqueiros da ría de Arousa e configurar unha mesa de traballo permanente coa participación común dos representantes do sector, investigadores, expertos en marisqueo e administración, que deseñe un plan multianual para recuperar a maior produtividade posible, así como a dotar economicamente as partidas necesarias para poder levar a cabo as medidas que se decidan.

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Otero Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 19/04/2021 18:10:36**

**Patricia Otero Rodríguez na data 19/04/2021 18:10:42**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 19/04/2021 18:10:52**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 18.01.2022**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 17079(11/PNC-001736)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre o rexeitamento da Xunta de Galicia da proposta da Organización Mundial do Comercio respecto da eliminación das subvencións do combustible á pesca

*Publicación da iniciativa, 155, 16.06.2021*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/06/2021 18:17:58  
**Nº Rexistro: 17079**  
Data envío: 08/06/2021 18:17:58,221

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O último borrador do texto de negociación sobre subvencións á pesca presentada pola Presidencia do Grupo de Negociación sobre normas da Organización Mundial do Comercio (OMC), de data 11 de maio de 2021, inclúe o estado das negociacións en asuntos como disciplinas para eliminar as subvencións á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada: prohibición de subvencións á pesca de poboacións sobreexplotadas; e prohibición de determinadas subvencións que poden contribuír á sobrecapacidade e á sobrepesca.

Ao sector e ao propio Ministerio de Pesca preocúpalle que a OMC queira aprobar unha proposta que leva 20 anos negociando e que pretende retirar certas formas de subvención á pesca como é a bonificación ao gasóleo. CEPESCA e a Federación Nacional de Confrarías amosaron a súa preocupación pola retirada das exencións de impostos e bonificacións ao combustible.

Sen o combustible bonificado, agora a 45 céntimos o litro, a frota galega podería ver ameazada a súa viabilidade porque podería custar o dobre. No caso do gasóleo, o seu custe pode chegar a superar o 40 % dos custes de explotación na pesca. No caso dos arrasteiros pode chegar a un 50 %, e que si se eliminan estas exencións, podería pasar a representar o 75 % de ditos custes.

Esta proposta non parte só da Organización Mundial do Comercio senón que tamén o Comité Europeo da Rexistros solicita a eliminación das subvencións do combustible á pesca.

Certo é que esta idea de retirada de axudas ao gasóleo na pesca non é nova, e que de momento o que formula a OMC e o CdR son propostas, pero a verdade é que o panorama é bastante incerto e ademais non se coñece a postura que vai defender a Comisión Europea.

Ante esta situación de que as axudas ao combustible se atopen entre as susceptibles de prohibirse e ante o descoñecemento sobre cal vai ser a posición da Comisión Europea, o Goberno de España, xunto con Francia presentou, no







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/06/2021 18:17:58**  
**Nº Rexistro: 17079**  
Data envío: 08/06/2021 18:17:58.221

último Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, unha proposta conxunta para pedirlle á Comisión Europea que informe sobre a posición que vai defender sobre as axudas públicas no sector da pesca. O Goberno central pídelle á Comisión Europea que coordine cos Estados membros a posición negociadora sobre as axudas á pesca ante a OMC.

Por iso a deputada e o deputado que asinan presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que manifeste publicamente o seu rexeitamento á proposta da Organización Mundial do Consumo sobre a eliminación das subvencións do combustible á pesca.

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 08/06/2021 17:42:27**

**Julio Torrado Quintela na data 08/06/2021 17:42:43**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 08/06/2021 17:42:55**

**CSV REXISTRO**  
**Verificación**  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 18.01.2022**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 23397(11/PNC-002201)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto do prezo da enerxía eléctrica nas empresas da industria do mar

*Publicación da iniciativa, 213, 15.10.2021*

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñado, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

A subida da luz pon contra as cordas a economía das familias, a rendibilidade de empresas, dos autónomos, da industria e de todas aquelas empresas con influencia do consumo da luz, entre as que se inclúen as empresas do sector mar-industria, concretamente empresas de transformación de produtos pesqueiros e de acuicultura, xa que dependen da enerxía eléctrica en todos os seus procesos.

A gravísima afección que teñen coa subida enerxética e a inflación xerada únese á xa complicada situación provocada pola pandemia, nun momento no que é preciso impulsar a recuperación social e económica tras os efectos da covid 19.

Se o Goberno do Estado non toma medidas urxentes, desaparecerán moitas pequenas e medianas empresas, ademais de poñer en risco milleiros de postos de traballo.

Así, a Comisión Europea vén de dicir que existe marxe de manobra para intervir ante o forte incremento da factura eléctrica, poñendo en práctica algunhas medidas compensatorias.

O Goberno galego, concretamente a Consellería do Mar a través de distintas ordes de axudas destinadas a empresas de transformación e de acuicultura, subvenciona proxectos de mellora da eficiencia enerxética cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Manter as axudas e destinadas a empresas de transformación e de acuicultura, para subvencionar proxectos de mellora da eficiencia enerxética a través do novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMPA).





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/10/2021 10:55:21**  
**Nº Rexistro: 23397**  
Data envío: 06/10/2021 10:55:21.054

2. Demandar ao Goberno do Estado unha liña de actuación específica destinada a paliar o impacto desta suba do prezo da enerxía eléctrica nas empresas da industria do mar”.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/10/2021 10:55:21**  
**Nº Rexistro: 23397**  
Data envío: 06/10/2021 10:55:21.054

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 06/10/2021 10:41:44**

**Teresa Egerique Mosquera na data 06/10/2021 10:42:07**

**José Manuel Balseiro Orol na data 06/10/2021 10:42:18**

**Ana Belén García Vidal na data 06/10/2021 10:42:33**

**Manuel Santos Costa na data 06/10/2021 10:42:45**

**José Alberto Pazos Couñago na data 06/10/2021 10:42:56**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 06/10/2021 10:43:10**

**Daniel Vega Pérez na data 06/10/2021 10:43:30**



CSV REXISTRO: 06102021104330



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 18.01.2022**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 25548(11/PNC-002398)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego  
para a recuperación da produción marisqueira da ría de Arousa

*Publicación da iniciativa, 239, 10.12.2021*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/11/2021 11:26:14  
**Nº Rexistro: 25548**  
Data envío: 29/11/2021 11:26:14.493

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado e calidade das augas das rías galegas dista moito aínda de ser o óptimo e, precisamente, os datos dados a coñecer recentemente por Augas de Galiza confirman que nomeadamente na ría de Arousa os vertidos, no canto de diminuír, van en aumento.

Coa información recabada ata o mes de setembro, nesta ría detectáronse 458 vertidos, 14 máis que no ano 2020. Deles, 53 superan os parámetros establecidos para ser considerados contaminantes. Ademais destes, reflíctese o dato de 12 en investigación, cuxa orixe é dubidosa pero que poden, finalmente, resultar tamén contaminantes.

Evidentemente, esta situación preocupa ás confrarías da ría que ven como ano tras ano redúcense as súas capturas e como as administracións non son quen de poñer freo a un progresivo deterioro das augas e, como consecuencia, ao duns bancos marisqueiros cuxa produción vai a menos e dan emprego cada vez a menos persoas.

O exemplo máis recente da perda de produción do marisqueo na ría de Arousa viviuse, outro ano máis, na campaña de libre marisqueo, onde moitos profesionais

CSV: REXISTRO-187-PQ-VP-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/11/2021 11:26:14

Nº Rexistro: 25548

Data envío: 29/11/2021 11:26:14.493

falaban xa claramente da necesidade de poñer en marcha ambiciosos plans de rexeneración. Unha campaña que trouxo ínfimas capturas e ingresos ao sector, segundo foron reflexando os datos das subastas en lonxa e que dá cada ano para empregar a un número menor de barcos, arredor de 400 fronte aos máis de 800 que faenaban hai aínda moi poucos anos nos Lombos do Ulla.

Mais non só as confrarías falan abertamente desta desfeita. Hai moi poucas datas era a Asociación Galega de Depuradores de Moluscos (AGADE) quen confirmaba que os datos de primeira venda eran “alarmantes”: Na ameixa babosa a produción superara as 800 toneladas no 2010, 666 en 2016, 610 en 2017, 501 en 2018, 494 en 2019, 381 no 2020 e 127 no 2021.

Tamén os datos dos mostreos realizados polas confrarías en distintas especies (ameixa babosa, fina, xapónica, berberecho) e zonas da ría presentan valores inquietantemente descendentes nos últimos anos e que poderían poñer en perigo o sector e o seu futuro en moi pouco tempo. De feito, xa na actualidade é notorio o incremento de importacións de marisco que está copando co seu produto un mercado onde tradicionalmente Galiza viña sendo referente.

A maiores dos vertidos de augas residuais, o sector pon tamén de manifesto que hai outros factores que sen dúbida poden estar incidindo na calidade das augas da ría de Arousa e dos que, dende logo, poucos datos e escasa información transcende: Contaminación que afecta á ría procedente do río Ulla fundamentalmente, pero tamén do Umia e Sar, falla de control de expulsión dos sedimentos que se almacenan no encoro de Portodemouros, graves e continuados vertidos industriais contra os que non se actúa e, en moitos casos, nin sequera se investiga, etc.







BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/11/2021 11:26:14**  
**Nº Rexistro: 25548**  
Data envío: 29/11/2021 11:26:14.493

En definitiva, un conxunto de circunstancias que provocan cada vez maior intranquilidade no sector e que, no entanto, contrasta coa indiferenza e insensibilidade da Xunta de Galiza e coa falla de actuacións que o aboca a un maior desánimo cada ano e que, recentemente, levou a varias confrarías e asociacións a facer patente publicamente o seu malestar e a esixir medidas dirixidas á recuperación da actividade marisqueira na ría e nomeadamente nos bancos de libre marisqueo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno da Xunta a:

- Analizar as causas da progresiva merma de produción marisqueira na ría de Arousa e nomeadamente nos bancos de libre marisqueo da mesma.
- Implementar, de acordo co sector, as medidas necesarias para poñer freo a esa diminución.
- Elaborar, xunto co sector, un verdadeiro plan de choque que incida na recuperación a medio prazo da produción marisqueira da ría de Arousa.”

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**  
**Montserrat Prado Cores**

CSV REXISTRO:RO-H87PQpYP-8  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 29/11/2021 11:26:14**

**Nº Rexistro: 25548**

Data envío: 29/11/2021 11:26:14.493

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 29/11/2021 11:15:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2021 11:15:37**

**María do Carme González Iglesias na data 29/11/2021 11:15:47**

**Daniel Castro García na data 29/11/2021 11:15:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2021 11:16:07**



CSV REXISTRO-H87PQpYP-8

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 18.01.2022**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5      25557(11/PNC-002399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a retirada das estruturas das gaiolas de cría de salmón que permanecen na ría de Muros e Noia

*Publicación da iniciativa, 239, 10.12.2021*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/11/2021 11:39:11  
**Nº Rexistro: 25557**  
Data envío: 29/11/2021 11:39:11.149

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza, e nomeadamente a Consellaría do Mar, leva máis de cinco anos dando voltas e poñendo pretextos á retirada das gaiolas de cría de salmón que a empresa norueguesa North West Food, malia ao rexeitamento do sector, trasladara no ano 2011 dende a ría de Arousa á ría de Muros e Noia.

Unhas gaiolas que permanecen abandonadas pola empresa dende o ano 2013 e que o único que fan no mar é contaminar, impedir a normalidade do traballo dos profesionais que faenan preto e manter o risco de danos e accidentes.

De feito, o último producírase no 2019, cando un mergullador tivera que ser evacuado nun helicóptero medicalizado mentres limpaba as gaiolas ubicadas preto de Louro e, a día de hoxe, os barcos que faenan na zona seguen a ter problemas polo desprendemento dos cabos de suxeición das gaiolas.

A retirada das estruturas foi solicitada en múltiples ocasións polos profesionais do mar e tamén a través de diversas iniciativas deste Grupo parlamentario sen que ata o de agora se teña iniciado o proceso nin se coñeza o tempo que aínda será necesario para facelo.

CSM-REXISTRO-2xY53zH4-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/11/2021 11:39:11**  
**Nº Rexistro: 25557**  
Data envío: 29/11/2021 11:39:11.149

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno da Xunta a proceder, sen máis dilación, á retirada das estruturas das gaiolas de salmón que permanecen na ría de Muros e Noia.”

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

**Asdo.: Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 29/11/2021 11:33:03**

**María do Carme González Iglesias na data 29/11/2021 11:33:06**

**Daniel Castro García na data 29/11/2021 11:33:13**

CSV REXISTRO-2XYSZ4-9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 29/11/2021 11:39:11**

**Nº Rexistro: 25557**

Data envío: 29/11/2021 11:39:11.149



**Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2021 11:33:21**

CSV REXISTRO-2XYSz4-9  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

